

REGULAMENTO

ANDAINA SAUDABLE CONCELLO DE BOBORÁS

1. DATA E LUGAR:

O día *20 de outubro de 2024* celebrarase a Andaina do Concello de Boborás de carácter non competitivo.

2. PERCORRIDO:

Ruta circular que discorre por sendeiros, pistas e a carón do río Viño. Pasa polos seguintes pobos: Boborás, Salceda, Cameixa, San Bertolomeu da Freixa e Brués. Ten una distancia aproximada de 20 quilómetros a ruta longa, dificultade moderada, e 12 a ruta curta cunha dificultade baixa.

3. PARTICIPACIÓN:

A Andaina será categoría única. O feito de inscribirse e participar nesta andaina implica a aceptación deste regulamento. Os menores de idade deberán ir acompañados de un adulto.

4. LOCALIZACIÓN

Saída e chegada ó Edificio Sociocultural Manuel Chamoso Lamas (Coordenadas 42°26'04.5"N 8°08'34.2"W), ó lado do CEIP Nosa Señora de Xuvencos.

Saída da ruta longa ás 9:00h e da corta ás 10:00h

Duchas: Pavillón de Deportes/ Piscinas Municipais de Boborás

5. INSCRIPCIÓNS:

As inscricións para a Andaina poderán realizarse a través do portal web <https://sportmaniacs.com/es> e APP Saudeter Live.

O prazo para inscribirse remata o 16 outubro de 2024 ás 23:59h.

Non se admitirá participación e inscrición fóra de prazo

6. PREZO:

A inscrición ten un custe de 10€.

7. ENTREGA DO DORSAL:

A entrega dos dorsais será o domingo día 20 de outubro de 2024 a partir das 8:15 no Edificio Sociocultural Manuel Chamoso Lamas. Será obrigatorio colocalo dorsal nun lugar visible.

8. SINALIZACIÓN:

O percorrido estará sinalizado con postes de madeira, frechas, cintas e marcas.

9. RESPONSABILIDADE E SAÚDE:

O dispositivo de seguridade, avituallamentos e sinalización estará debidamente montado dentro do horario da andaina e estará operativo para todos os participantes que se atopen entre os encargados da apertura e os encargados do peche.

A Organización responsabilizarase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade en caso de accidente por abandono do itinerario establecido, negligencia do participante ou que este atope fora dos parámetros establecidos no punto 8.

A Organización non se fai responsable dos obxectos de cada participante. A Organización non se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta andaina.

Tódolos/as participantes deberán atoparse nas condicións físicas que lle permitan a realización da proba, sen por en risco a súa saúde nin a do resto dos/as participantes. De non facelo así, participará baixo a súa responsabilidade eximindo á organización de toda responsabilidade en caso de incidentes.

10. ASISTENCIA:

A Organización contará con persoal de asistencia en ruta, varios voluntarios nos puntos estratéxicos e persoas pechando a Andaina coa finalidade de que ningún participante se quede rezagado, pero non nos facemos responsables de quen, voluntariamente abandone o percorrido establecido.

Os participantes están obrigados a auxiliar ós accidentados e de avisar á organización se alguén necesita axuda. Poderán informar de calquera problema nos controis de paso, ao persoal da organización que estará ó longo do percorrido ou nos números **651023774- 666337977- 691240537**.

11. AVITUALLAMENTOS:

Disporase de puntos de avituallamento ó longo do percorrido das dúas rutas. Na meta haberá un ágape de líquidos, callos, empanada, tortilla, bica e chocolate.

É obriga de tod@s @s participantes preservar o entorno evitando tirar desperdicios fóra das áreas de control. A tal efecto colocaranse colectores de lixo nos avituallamentos.

Tod@s @s participantes recibirán un agasallo conmemorativo da proba.

A inscrición nesta andaina dá dereito á Organización para poder facer uso das fotografías e imaxes do evento para a súa utilización, podendo publicalas en todos aqueles soportes de comunicación (folletos, carteis, artigos de prensa, web, etc.) que estime convinte para dar a coñecer a proba.